

NOTA DE PRENSA

Olimpiada Galega de Bioloxía

Rematou na Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo a proba correspondente á Fase Autonómica Galega da Olimpiada de Bioloxía. Esta foi xa a décima edición do certame e nela participaron 102 estudantes de 32 centros de secundaria de Galicia. O acto foi clausurado polo decano do Colexio de Biólogos de Galicia, Pelayo Míguez, o decano da Facultade de Bioloxía de Vigo, Jesús Míguez, o decano da Facultade de Bioloxía de Santiago, Antonio Segura, o vicedecano da Facultade de Ciencias da Coruña, Federico Pomar, o Delegado da Olimpiada en Galicia, Pedro Nozal e o Delegado Territorial da Consellería de Educación, César Ares.

Resultaron gañadores:

- Fernando Díaz Díaz. Colexio Eirís de A Coruña
- Brais Lamas Rodríguez. Colexio Peleteiro de Santiago (á esquerda da foto)
- Nerea Montes Pérez. IES Plurilingüe de Ames (A Coruña)

Eles representarán á nosa comunidade na Fase Nacional, a celebrar en León no mes de marzo. No acto tamén se anunciou que a Fase Nacional do ano 2016 terá lugar na Facultade de Bioloxía de Vigo.

Para máis detalles: Pedro Nozal.

Grazas pola súa atención.

Asociación Olimpiada de Bioloxía (OEB) / Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

<http://www.olimpiadadebiologia.edu.es>